

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DO ALUMNADO –TRABALLADOR DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REINICIA VIII” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE MUGARDOS, ARES, CABANAS E FENE

1.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego “REINICIA VIII” confírese como un programa mixto de emprego e formación que ten como finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 3, do 3 de febreiro de 2021 e promovido polos concellos de Mugardos, Ares, Cabanas e Fene .

Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data 09/09/2021, e co número de expediente 15/0028/2021, e a Circular número 6/2021, de data 15/06/2021, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para as persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

As especialidades a impartir son as seguintes:

SSCS0108: Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (nivel 2), con 10 alumnos/as-traballadores/as

AGAR0309: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (nivel 1), con 10 alumnos/as- traballadores/as

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará 20 alumnos/as-traballadores/as coa seguinte distribución por concellos tal e como figura no “Convenio de colaboración para o Obradoiro dual de emprego dos Concellos de Mugardos, Ares, Fene e Cabanas” asinado en data 23 de febreiro de 2021:

- Concello de Mugardos: 4 alumnos/as
- Concello de Ares: 5 alumnos/as
- Concello de Fene: 9 alumnos/as
- Concello de Cabanas: 2 alumnos/as



Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- Un/unha director/a (xornada completa)
- Un/unha docente para impartir o certificado de profesionalidade de (SSCS0108) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO (xornada completa)
- Un/Unha docente para impartir o certificado de profesionalidade de (AGAR0309) ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (xornada completa)
- Un /Unha docente de ensino básico (50% de xornada)
- Un/Unha docente de formación empresarial (50% da xornada)
- Un/Unha auxiliar administrativo (50% da xornada)

A selección do alumnado –traballador participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo as principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e demais instrucións.

2.- Publicidade do proceso

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado -traballadoe unha vez aprobadas pola entidade promotora expóranse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos e na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>) , así como nos taboleiros e webs dos concellos de Ares, Cabanas e Fene. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos e na páxina web do Concello de Mugardos, así como nos taboleiros e nas páxinas web dos concellos de Ares, Cabanas e Fene.

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á Xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como, persoal directivo, docente e administrativo de apoio.

Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

3.- Requisitos comúns dos aspirantes



Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade: ter nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito ; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.ç
- b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécense a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.
- c) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos a acceso ao emprego público.
- d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo

4.- Órgano de selección

O Tribunal cualificador terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes e será designado pola alcaldía ou persoa en quen delegue



O tribunal de selección estará formado por 5 membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo con categoría equivalente: Un presidente e catro vogais. Actuará como secretario un funcionario ou laboral fixo do Concello ou a persoa en quen delegue (con voz nas deliberacións do tribunal, pero sen voto para a composición e cualificación das probas) Designaranse así mesmo, os seus respectivos suplentes . Todos os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas .

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría terceira, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

5.- Listaxes de reserva

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do/a proposto/a para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións



6.- Selección do alumnado -traballador:

- Modalidade, período de contratación e retribucións

a) O alumnado traballador será contratado por un período de 9 meses a xornada completa (40 horas), baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do RD 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente (salario mínimo interprofesional).

b) Horario de mañá, 8 horas diarias de luns a venres.

c) Centros de traballo/formación: Centro de formación Francisco Vizoso do Concello de Mugardos e Nave do Concello de Fene en San Marcos

d) As unidades de obra realízanse no territorio dos concellos participantes no O. E." REINICIA VIII".

- Requisitos específicos:

a) Ter 18 anos ou máis de idade

b) Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde do 31 de decembro de 2020.

d) Cando a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados (Ver detalle no Anexo I).

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo

- Proceso de preselección:

O concello de Mugardos é o órgano responsable de tramitar unha oferta de emprego por cada unha das especialidades no Servizo Público de Emprego de Galicia, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección.

Parámetros da oferta:

Sistema de selección: Oferta de emprego.

Localidades: ámbito dos concellos de Mugardos, Ares, Cabanas e Fene.

Idade mínima: 18 anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe nas especialidades impartidas.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible.



Asemade priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo programa de emprego se corresponda cun certificado de profesionalidade distinto.

- Admisión dos aspirantes:

Unha vez recibida a relación de candidatos/as, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

O órgano de selección elaborará a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo. O número máximo de candidatos/as a seleccionar será determinado tamén polo órgano de selección, debendo ser o mínimo (de ser posible) tres por praza. Dito listado será aprobado por Resolución de Alcaldía e se publicará na páxina web do concello de Mugardos (<https://mugardos.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello, así como nos taboleiros e nas webs dos concellos de Ares, Cabanas e Fene e no mesmo se lles comunicará aos candidatos/as o prazo para presentar a documentación que se lles requira nas presentes bases (Ver Anexo II).

- Selección definitiva dos candidatos/as:

As persoas que non presenten a documentación en prazo decaerán no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

A selección definitiva das 20 persoas como alumnado-traballador será efectuada polo órgano de selección, que aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) Non haber participado nunca nun Obradoiro de Emprego
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego.
- d) A idade, tendo preferencia a persoa maior.

- Puntuacións finais. Contratación como alumnos/as- traballadores/as:

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a- traballador/a pola entidade promotora.



Elaboraranse catro listaxes, unha por cada concello, e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase á listaxe do concello correspondente. De non haber substituto/a, procederase por orde de puntuación e empregando os criterios para dirimir os posibles empates.

Estas listaxes se publicará na páxina web do concello de Mugardos (<https://mugardos.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos e nas webs e taboleiros dos concellos de Ares, Cabanas e Fene.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resultas as posibles alegacións e subsanacións ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitiva do/s aspirante/s aprobado/s tamén pola orde da puntuación obtida.

Así mesmo, esta relación de aprobado/s presentarase ao señor alcalde coa proposta para a súa contratación. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Elaborada a listaxe de alumnos- traballadores propostos o Concello de Mugardos deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proceso. Se algún dos alumnos propostos non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo o Concello de Mugardos para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no Taboleiro de anuncios do concello de Miño, a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do Servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.



Así mesmo, o/a aspirante proposto/a deberá presentar no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no Taboleiro de anuncios do concello certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.



ANEXO I

PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO – TRABALLADOR

- REQUISITOS:

Detalle dos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade do programa:

◦ Nivel 1 da especialidade Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309):

Non se precisan

◦ Nivel 2 da especialidade de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108):

- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter superado as competencias clave correspondentes.

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO – TRABALLADOR

PUNTUACIÓN TOTAL DO PROCESO SELECTIVO: 22 PUNTOS.

Situacións que se valorarán:

a) Mulleres:

a. Mulleres vítimas de violencia de xénero: 2 puntos

(Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero Artigo 5 Acreditación da situación de violencia de xénero. Aos efectos da presente lei, a situación de violencia acreditaráse por calquera das seguintes formas:

a) Certificación da orden de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orden de protección ou da medida cautelar.

b) Sentencia condenatoria na orden penal por homicidio ou asesinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentencias de calquera orden xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.



- Letra b) do artigo 5 redactada polo número Catro do artigo único da Lei 14/2021, 20 xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, 27 xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero («D.O.G.» 28 xullo). Vixencia: 29 xullo 2021
- c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais y/o sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- e) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- g) Calesquera outras que se establezan regulamentariamente.)
- b. Mulleres non puntuadas no apartado anterior: 1 punto
- b) Idade:
- a. De 18 a 29 anos: 1 punto
- b. De 30 a 44 anos: 2 punto
- c. Maiores o igual a 45 anos: 3 puntos
- c) Persoas con discapacidade
- a. Certificado de discapacidade maior de 33%: 1 punto
- d) Protección por desemprego: Terán que acreditarlo cun Certificado do Servizo Público de Emprego
- a. Persoas que sexan perceptores de desemprego: 1 punto
- b. Persoas que sexan perceptoras de subsidios: 2 puntos
- c. Persoas non perceptoras de desemprego nin de subsidios: 3 puntos
- e) Tempo de desemprego dende o último traballo: acreditarase coa Vida Laboral actualizada
- a. Menos de 12 meses: 1 punto
- b. De 12 a 18 meses: 2 puntos
- c. Máis de 18 meses: 3 puntos
- f) Experiencia profesional previa: acreditarase coa Vida Laboral actualizada
- a. Autónomos: 0 puntos
- b. Grupo de cotización do 1 ao 7: 0 puntos
- c. Grupo de cotización do 8 ao 9: 1 puntos
- d. Grupo de cotización 10: 2 puntos
- e. Sen emprego anterior: 3 puntos
- g) Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: acreditarase mediante certificación dos Servizos Sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social,...)
- a. Perceptores de RISGA e aqueles aos que lle fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes



da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica; persoa que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social e aquelas outras que presenten certificado de Servizos Sociais do seu concello no que acrediten que está en situación desfavorecida ou en risco de exclusión social: 1 punto

- h) Responsabilidades familiares / unidade familiar de convivencia (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.

Monoparental con fillo/s 1 punto.

- i) Formación académica:
- Persoas con estudos ata graduado de ESO: 3 puntos
 - Persoas con estudos de bacharelato/BUP e FP ciclo medio: 2 puntos
 - Persoas con títulos universitarios e de FP grao superior: 1 punto
- j) Outros:
- Persoas que presenten certificado de ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI): 2 punto



ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO ALUMNADO -TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REINICIA VIII”

D/Dña _____ con DNI núm. _____ e con domicilio en _____
C.P. _____, teléfono _____, correo electrónico _____

MANIFESTA:

- Que coñece e acepta as bases que van rexer o proceso de selección do alumnado- traballador do Obradoiro dual de emprego “REINICIA VIII”
- Que está interesado/a en participar no proceso selectivo
- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección
- Que está inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia e dispoñible para o emprego
- Que achega a seguinte documentación:
 - Copia de DNI ou equivalente
 - Copia tarxeta de demandante de emprego
 - Copia tarxeta da Seguridade Social
 - Copia da documentación acreditativa de estar en posesión do título académico requirido para acceder ao posto que solicita
 - Copia dos documentos que acreditan as situacións que se baremarán

- Informe de vida laboral actualizado

Por todo o exposto,

SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a ao proceso selectivo de alumno/a-traballador/a

En _____, _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda de Galicia, 45, 15620 – Mugardos; correo@concello demugardos.gal

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade

